CMUS Profesional de Lalín

# Programación de Violín

CMUS Profesional de Lalín

# Contido


1. **Introdución** ... **5**
   - 1.1 Marco Legal ... 5
   - 1.2 Características do centro ... 7
   - 1.3 Características do alumnado ... 7
2. **Obxectivos xerais das ensinanzas musicais** ... **9**
   - 2.1 Grao elemental ... 9
   - 2.2 Grao profesional ... 10
3. **Obxectivos específicos das ensinanzas musicais** ... **11**
4. **Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Violín** ... **13**
   - 4.1 Grao elemental da materia de Violín ... 13
   - 4.2 Grao profesional da materia de Violín ... 13
5. **Metodoloxía** ... **14**
   - 5.1 Principios metodolóxicos ... 14
   - 5.2 Métodos didácticos ... 15
6. **Atención á diversidade** ... **16**
7. **Temas transversais** ... **18**
   - 7.1 Educación en valores ... 18
   - 7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) ... 19
8. **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas** ... **21**
   - 8.1 Actos institucionais ... 21
     - Cursos e clases maxistrais ... 21
     - Audicións ... 21
9. **Secuenciación por cursos** ... **23**
   - 9.1 Curso: 1º de grao elemental ... 23
     - 9.1.1 Obxectivos ... 23
     - 9.1.2 Contidos ... 23
     - 9.1.3 Avaliación ... 24
     - 9.1.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ... 26
     - 9.1.5 Medidas de recuperación ... 26
   - 9.1.6 Recursos didácticos ... 27
   - 9.2 Curso: 2º de grao elemental ... 28
     - 9.2.1. Obxectivos ... 28

9.2.2. Contidos ....29
9.2.3. Avaliación ....30
9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....31
9.2.5. Medidas de recuperación ....32
9.2.6. Recursos didácticos....33
9.3 Curso: 3º de grao elemental....34
9.3.1. Obxectivos....34
9.3.2. Contidos ....34
9.3.3. Avaliación ....35
9.3.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....37
9.3.5. Medidas de recuperación ....37
9.3.6. Recursos didácticos....38
9.4 Curso: 4º de grao elemental....39
9.4.1. Obxectivos....39
9.4.2. Contidos ....40
9.4.3. Avaliación ....41
9.4.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....42
9.4.5 Medidas de recuperación ....43
9.4.6 Recursos didácticos....44
9.5 Curso: 1º de grao profesional....44
9.5.1 Obxectivos....45
9.5.2 Contidos ....45
9.5.3 Avaliación ....46
9.5.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....48
9.5.5 Medidas de recuperación ....48
9.5.6 Recursos didácticos....49
9.6 Curso: 2º de grao profesional....50
9.6.1. Obxectivos....50
9.6.2. Contidos ....51
9.6.3. Avaliación ....52
9.6.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....53
9.6.5. Medidas de recuperación ....54
9.6.6. Recursos didácticos....55
9.7 Curso: 3º de grao profesional....56
9.7.1. Obxectivos....56
9.7.2. Contidos ....57
9.7.3. Avaliación ....57
9.7.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....59
9.7.5. Medidas de recuperación ....59
9.7.6. Recursos didácticos....60
9.8 Curso: 4º de grao profesional....61

9.8.1. Obxectivos ....61
9.8.2. Contidos ....62
9.8.3. Avaliación ....63
9.8.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....65
9.8.5. Medidas de recuperación ....65
9.8.6. Recursos didácticos....66
9.9 Curso: 5º de grao profesional....67
9.9.1. Obxectivos....67
9.9.2. Contidos ....68
9.9.3. Avaliación ....69
9.9.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....70
9.9.5. Medidas de recuperación ....71
9.9.6. Recursos didácticos....72
9.10 Curso: 6º de grao profesional....73
9.10.1 Obxectivos....73
9.10.2 Contidos ....74
9.10.3 Avaliación ....75
9.10.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula ....77
9.10.5 Medidas de recuperación ....77
9.10.6 Recursos didácticos....78
**10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica. 80**
**11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento......... 82**
**12. ANEXOS .... 83**
12.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.... 83
12.1.1. Contidos ....83
12.1.2. Criterios de avaliación ....83
12.1.3. Criterios de cualificación....84
12.2. Probas de acceso a outros cursos .... 84
12.2.1. Contidos ....84
12.2.2. Criterios de avaliación ....85
12.2.3. Criterios de cualificación....85
12.3. Premios Fin de Grao .... 85
12.3.1. Contidos da proba ....85
12.3.2. Criterios de avaliación ....86
12.3.3. Criterios de cualificación....86

# 1. Introdución

A presente Programación Didáctica de Violín está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos do grao elemental e dos seis de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de Violín de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantindo que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

## 1.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios

elementais e profesionais de música e danza.

- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## 1.2 Características do centro

O CMUS Profesional de Lalín é un Conservatorio de Música Municipal encadrado dentro dun Patronato Cultural. O Conservatorio atópase nun edificio situado ao nordeste da vila de Lalín, na zona escolar denominada Rúa da Banda de Música de Lalín nº 10. A rúa do Centro é unha rúa morta, sen saída, que da acceso ao IES Ramón Mª Aller Ulloa e ao Parque do Pontiñas.

O edificio que alberga ao CMUS Profesional de Lalín é o Auditorio Municipal de Lalín. Este edificio divídese en dúas zoas de aulas diferenciadas divididas pola Sala "Tuno Valdés". O Centro conta con dúas zonas de aulas, dous auditorios, biblioteca, zona de oficinas, cabinas de estudo, etc. O edificio está compartido con outras asociacións e diversas actividades culturais

Lalín está situado na Comarca do Deza, corazón de Galicia, nunha zoa de ampla influencia musical, rodeado por Concellos con numerosas bandas de música.

O horario do CMUS é de tarde, durante o curso escolar é dende as 15:30 ata as 22:00 horas.

## 1.3 Características do alumnado

O centro conta cunha media de 170 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría dos alumnos do grao elemental pertencen ao concello de Lalín, agás algúns que veñen para cursar especialidades como piano. No Grao Profesional atopámonos con alumnos de Concellos próximos como Silleda, Agolada, Chantada, etc.

Un feito que condiciona a permanencia no CMUS dos alumnos é o momento no que acoden á Universidade, provocando o maior número de baixas entre o alumnado, posto que se teñen que desprazar a vivir lonxe.

Hai que destacar a importancia das bandas de música na nosa zona de influencia, feito que condiciona a elección do instrumento e o interese polo estudo do mesmo.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos.

O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresae a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer, sigan relacionadas coa música, debido á importancia que dan á asistencia a concertos ou á escoita da mesma na casa.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

# 2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

## 2.1 Grao elemental

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.

g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

## 2.2 Grao profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

a) Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

c) Analizar e valorar a calidade da música.

d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

# 3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferencia do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente

obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

# 4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Violín

## 4.1 Grao elemental da materia de Violín

No Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se basa a presente programación.

## 4.2 Grao profesional da materia de Violín

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, estes pódense consultar no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

# 5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza do violín, cunha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán activas, participativas e de carácter aberto, para ser adaptadas ás características de cada alumno en función da súa idade, capacidade de aprendizaxe, fisioloxía, etc. O método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o alumno será o protagonista: o profesor orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, para a formación dun criterio propio. A presentación dun produto final tamén exercerá un papel clave na metodoloxía (desde a preparación de obras e estudos ata un programa de concerto completo para ser interpretado ante o público).

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

## 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de Violín require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas clases para aprender a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo. Isto potenciarase a través do punto anterior, onde o alumnado exercerá como protagonista activo da aprendizaxe, e non un simple receptor de información.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal, afectivo-social e física particular de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de acadar os obxectivos propostos, poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.

- **Convivencia:** Nas clases individuais, fomentarase un clima de cordialidade e respecto mutuo entre alumnado e docente. Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo, isto trasladarase tamén ás interaccións entre o alumnado.
- **Significación**: Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que é útil, que terá aplicación reais. Isto será comprobado polo alumnado cando a súa bagaxe previa de coñecementos e habilidades lle permita construír novas aprendizaxes baseadas nela.
- **Interdisciplinariedade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras do currículo que cursa o noso alumnado, dotándoos así dunha maior significación.

## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir, ten unha razón e unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.

b) Que o que se ensine presente unha estructura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.

c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.

d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

# 6. Atención á diversidade

A diversidade non só constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, senón que podería dicirse que é intrínseco a ela: é dicir, non existe a realidade sen a diversidade. No plano educativo, isto esixe unha maior atención por parte do profesorado, que debe identificala e adaptarse a ela.

Os alumnos que acceden ao conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de violín teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro de coñecementos, habilidades e actitudes. É dicir, tanto a metodoloxía como os recursos didácticos empregados serán uns ou outros en función das características do alumnado.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas previas, a súa rapidez para adquirir outras novas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel (sempre dentro do marco de referencia do seu curso).
- Fomentar a pedagoxía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr que o alumnado tamén respete e valore a diversidade como elemento clave da sociedade.

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

# 7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

## 7.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademáis, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independientemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademáis de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respeto ás normas e a necesidade da súa existencia. Isto será posto en práctica na clases individuais (non interrumpir cando o profesor fala, valorar as aportacións do docente, comunicar o propio criterio interpretativo con respecto cando este sexa outro, coidar as partituras, etc.), así como nas colectivas e á hora de tocar en dúo co docente ou co pianista acompañante: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respeto aos demáis… Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

## 7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

O modelo pedagóxico é complementado cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagoxía e na didáctica, para que vaian da man dos avances que experimenta a sociedade na actualidade.

A información proporcionada pola rede permite obter información acerca de diferentes compositores e compositoras, coñecer novas obras e contrastar un gran número de versións musicais (algo esencial no desenvolvemento do propio criterio interpretativo). A través de ferramentas de reproducción de audio e vídeo como Youtube e Spotify, o alumnado ten ao seu alcance as interpretacións de diferentes instrumentistas, ás cales non podería ter acceso doutra forma.

As aplicacións das TICs no campo da música son moitas, xa que poden ser empregadas con gran variedade de fins:

- Coñecer as posibles saídas profesionais no campo da música (algunhas das cales, de feito, non existirían sen as novas tecnoloxías).
- Coñecer a actualidade musical.
- Acceder a información importante sobre concursos, clases maxistrais e outras novedades.
- Realizar descargas de partituras gratuitas e libres de dereitos do autor.
- Existen aplicacións informáticas para a edición de partituras, de grabación, metrónomo, afinadores, etc., que axudan ao estudo e traballo dos músicos.

As TICs tamén son un recurso moi útil a hora de interactuar co alumnado e levar a cabo actividades educativas sen necesidade de empregar o tempo da clase.

- Para a información e transmisión de ficheiros: vídeo, audio e documentos de interese sobre as obras de estudo.
- Como vía para a comunicación e intercambio dos traballos individuais que se poderían solicitar aos alumnos referidos ás obras programadas durante o curso, que estimule a investigación e sirva ao enriquecemento cultural e musical propio e do colectivo.
- Como vía de comunicación coas familias do alumnado e transmisión de documentos de interese: bases de probas, becas, etc. Durante este curso, empregarase a aplicación TokApp con este fin.
- Como recurso didáctico en clase, dispoñendo de equipamento audiovisual para escoitar obras de interese, analizalas e comentalas.

# 8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Dentro da Sección II do Proxecto Educativo de Centro do noso conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, e concretamente no título cuarto do capítulo 4, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistrais, audicións e outros.

O alumnado de Violín terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento de Violín, agás nas audicións, onde si deberán participar.

A organización de todalas actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio correspóndenlle, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (non sendo casos especiais que así o requiran), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no artigo 36º do título cuarto da sección do Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

## 8.1 Actos institucionais

### • Cursos e clases maxistrais

No curso académico 2014/2015 decidiuse incluír con regularidade cursos e clases maxistrais de violín, conxunto e orquesta. As propostas para os cursos sempre terán que ser autorizadas pola Dirección do Centro. Unha vez aprobadas, serán comunicadas ao alumnado para a súa inscrición.

### • Audicións

Tras varios anos sen gozar da posibilidade de ser levadas a cabo audicións por culpa das restriccións do Covid-19, este curso 22-23 retomarase a organización de audicións e concertos con público.

### • Clases colectivas

Ao longo do curso levaranse a cabo clases colectivas (consideradas como actividades complementarias), nas que o alumnado de violín traballará de forma conxunta, independentemente do seu curso.

As clases colectivas poden estar organizadas ao redor dun só tema, para reforzar un aspecto en concreto do currículo: clases dedicadas a aprender

a afrontar os nervios de tocar fronte ao público, mellorar a postura corporal, aquirir ferramentas para a lectura a primeira vista, etc.

Tamén poden consistir na interpretación dunha obra ou estudo que se esté a preparar nas clases individuais. Desta maneira, os alumnos oíntes aprender a elaborar comentarios críticos e constructivos sobre as interpretacións dos compañeiros, e, o intérprete, a aceptar e valorar os diferentes puntos de vista.

Estas clases colectivas fomentan un ambiente de traballo colaborativo e positivo entre o alumnado.

# 9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Violín dos graos elemental e profesional por cursos.

## 9.1 Curso: 1º de grao elemental

### 9.1.1 Obxectivos

- Enumerar e describir as partes do violín e do arco, así como su cuidado y mantenimiento básico.
- Aplicar os principios elementais da colocación do violín e toma do arco, cunha posición cómoda e baseada no equilibrio e a relaxación.
- Distinguir as divisións básicas do arco e distribuí-lo en función das distintas figuracións (por exemplo, arco completo para as brancas).
- Iniciar a aprendizaxe dos golpes de arco básicos: detaché, martelé e legato.
- Tocar escalas, estudos e pezas en 1ª posición, usando as diversas estructuras do semitono nun rexistro básico dunha oitava.
- Tocar pezas sinxelas (primeiro en pizzicato, e despois con arco) obtendo un son homoxéneo e controlado.
- Iniciar o desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a afinación e a homoxeneidade e calidade do son, tanto escoitando como tocando.
- Iniciar a aprendizaxe dos hábitos básicos de estudo e memorización, e a súa aplicación na práctica diaria.
- Iniciar a aprendizaxe de tocar en dúo co docente ou co acompañamento do piano, aplicando os principios básicos de ritmo e afinación.
- Ler a primeira vista pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, con cordas ao aire e coas figuras de branca, negra e corchea.
- Amosar unha actitude aberta e respetuosa na clase e os ensaios cara a música e as propostas do profesorado.
- Tocar en público de memoria, con control xeral dos nervios e do protocolo de concerto.

### 9.1.2 Contidos

- Partes e coidado do instrumento e do arco.
- Posición axeitada do instrumento e o arco, baseada no equilibrio e

relaxación corporal. **ME**

- Produción do son en pizzicato e en distintas partes e con distintas lonxitudes do arco (terzos, metades e arco enteiro). **ME**
- Iniciación aos golpes de arco básicos: detaché, martelé e legato.
- Desenvolvemento da articulación dos dedos da man esquerda na 1ª posición. **ME**
- Iniciación da sensibilización do oído interno para a afinación e a calidade do son. **ME**
- Interpretación das escalas e arpexos máis habituais no repertorio para violín de memoria: Sol M, Re M, La M nunha oitava e Sol M en dúas oitavas.
- Interpretación de pequenas pezas e estudos de memoria, como solista ou en grupo, con respecto xeral dos principios básicos de afinación, ritmo e calidade do son.
- Lectura a primeira vista de pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, con cordas ao aire e coas figuras de branca, negra e corchea.
- Actitude positiva e de repecto cara ao violín e as clases.
- Principios básicos de estudo e aplicación na práctica diaria. **ME**
- Control xeral dos nervios e o protocolo de concerto ao tocar en público.

### 9.1.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter principalmente formativo, co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse procedementos e ferramentas variados e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase polos principios de obxectividade (tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística), transparencia (xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica) e accesibilidade (alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, sen limitarse únicamente á calificación trimestral ou final).

#### 9.1.3.1 Criterios de avaliación

- Enumerar e describir de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento. 5%
- Ter unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 15% **ME**
- Asimilar os principais conceptos técnicos do brazo dereito (conducción e divisións do arco) e da man esquerda (articulación na 1ª posición), así como a coordinación entre ambos. 15% **ME**
- Empregar os golpes de arco básicos con control xeralizado (detaché, martelé e legato). 10%
- Desenvolver a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, tanto tocando como escoitando. 15% **ME**
- Interpretar obras de memoria en público empregando os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, fraseo). 10%
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo. 15% **ME**
- Ler a primeira vista pequenos fragmentos con relativa fluidez, con cordas ao aire e coas figuras de branca, negra e corchea. 5%
- Tocar en público con control xeralizado dos nervios e do protocolo de concerto. 10%

#### 9.1.3.2 Mínimos esixibles

No punto 9.1.2. e mais o anterior, os contidos e criterios de avaliación que aparecen seguidos das iniciais ME en negrita son aqueles considerados como mínimos esixibles para a superación do curso.

#### 9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos de avaliación serán a observación sistemática do alumnado, o seguimento do traballo diario e a realización de audicións e probas.

Como ferramentas de avaliación, empregarase o diario de aula (onde quedará recollida a información e valoración do traballo diario), as audicións e probas (puidendo estas ser gravadas en audio e vídeo, co correspondente permiso do tutor legal en caso de menores de idade) e as follas de calibración para a avaliación (incluidas nos Anexos).

#### 9.1.3.4 Criterios de calificación

Os criterios de avaliación aparecen seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de calificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na calificación do alumnado.

### 9.1.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo Xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

### 9.1.5 Medidas de recuperación

Os alumnos que non acadan os contidos, obxetivos e os minimos esixibles da avaliación, poderán realizar unha proba específica, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

Outras medidas de recuperación:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requerimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como:
    - Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
    - Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

#### 9.1.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Proba ordinaria do xuño:

Nesta proba o alumnado deberá interpretar unha parte do material que corresponda ao seu curso. O profesorado será o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

#### 9.1.5.2 Probas extraordinarias

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria interpretando unha parte do material correspondente ao seu curso, e que deberá ser concretado por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregada en xuño. En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente o material a presentar nesta proba.

### 9.1.6 Recursos didácticos

A continuación, preséntase unha selección do repertorio e material didáctico que poderá ser empregado ao longo do curso. Non obstante, este non é un listado cerrado. O violín ten o privilexio de contar con gran cantidade de métodos, estudos e obras dedicados a el, polo que o/a docente poderá propoñer outro material que sexa igualmente adecuado ao nivel do curso, pero que se adapte mellor ás características e necesidades concretas de cada alumno ou alumna.

Escalas e arpexos:

- A. Grigorian – Escalas e arpexos
- Jozsef Bloch – Tonleiterschule Band I

Estudos e métodos:

- Mary Cohen – Superstart Violin
- Eta Cohen - Método de violín, Rounds for violin
- Joan Alfaras – Stradivari Vol. 1
- A. Holzer-Rhomberg – Fiedel Max
- M. Crikboom - O violín teórico e práctico Vol.1
- O. Sevcik – “Escuela de la Técnica del arco”, Op.2
- Paul Rolland – Young Strings in action, vol. 1, Tunes and Exercises for String Players

Obras:

- S. Suzuki – Violin School Vol. 1 (cancións populares, pezas de Corelli, Bach, Haendel...)
- Kabalewsky - Album pieces (da 1 á 4)
- M. Crickboom - "Chants et Morceaux", Vol. 1
- E. Elgar - Six Easy Pieces for Violin
- Ferdinand Küchler - Concertino en Sol M op. 11
- Martin, P. - Little suite nº 1 e 2

## 9.2 Curso: 2º de grao elemental

### 9.2.1. Obxectivos

- Coidar e valorar o instrumento a través dos hábitos de limpeza diarios, así como outros de mantemento máis esporádicos (cambio de cordas, comprobación das clavijas, etc.).
- Afianzar a colocación do violín e toma do arco, cunha posición baseada no equilibrio e a relaxación.
- Avanzar nas diferentes distribucións do arco en función da figuración, a dinámica e a agóxica.
- Continuar na aprendizaxe dos golpes de arco básicos (detaché, martelé e legato) e iniciar a do staccato.
- Tocar escalas e arpexios maiores e menores de dúas oitavas en 1ª posición, usando as diversas estructuras do semitono.
- Tocar pezas e estudos cun fraseo baseado nos principios básicos da súa estructura musical (comezo e principio de frase, pregunta e resposta, etc.).
- Progresar no desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a afinación e a homoxeneidade e calidade do son, a través da escoita e a interpretación.
- Progresar na adquisición dos hábitos básicos de estudo e memorización, e a súa aplicación na práctica diaria para resolver problemas técnicos ou musicais e coñecidos previamente con autonomía.
- Desenvolver a capacidade de tocar en dúo co docente ou co acompañamento do piano, con control xeral do ritmo e a afinación.
- Ler a primeira vista pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en primeira posición e coas figuras de branca, negra, corchea e semicorchea.

- Amosar unha actitude aberta e respetuosa na clase e os ensaios cara a música e as propostas do profesorado.
- Tocar en público de memoria, con control xeral dos nervios e a interpretación (afinación, son, fraseo e dinámicas) e respectando o protocolo de concerto.

### 9.2.2. Contidos

- Coidado e mantemento do instrumento e do arco para garantir o seu máximo rendemento.
- Posición axeitada do instrumento e o arco, baseada no equilibrio e relaxación corporal. **ME**
- Produción do son en distintas partes e con distintas lonxitudes do arco, en función do punto de contacto, o peso e a velocidade do arco. **ME**
- Progreso dos golpes de arco básicos (detaché, martelé e legato) e iniciación ao staccato.
- Desenvolvemento da articulación dos dedos da man esquerda na 1ª posición e a súa coordinación cos movementos do brazo dereito. **ME**
- Avance na sensibilización do oído interno para a afinación e a calidade do son, a través da escoita e a interpretación. **ME**
- Interpretación das escalas e arpexos maiores e menores en dúas oitavas máis habituais no repertorio para violín de memoria.
- Interpretación de pequenas pezas e estudos de memoria, como solista ou en grupo, con respecto xeral dos principios básicos de afinación, ritmo, dinámica, fraseo e calidade do son.
- Lectura a primeira vista de pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en primeira posición e coas figuras de branca, negra corchea e semicorchea.
- Actitude positiva e de repecto cara ao violín e as clases.
- Principios básicos de estudo e aplicación na práctica diaria para resolver problemas técnicos e musicais coñecidos previamente con autonomía. **ME**
- Control xeral dos nervios, aprecio pola experiencia de compartir a música e repecto do protocolo de concerto ao tocar en público.

### 9.2.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter principalmente formativo, co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse procedementos e ferramentas variados e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase polos principios de obxectividade (tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística), transparencia (xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica) e accesibilidade (alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, sen limitarse únicamente á calificación trimestral ou final).

#### 9.2.3.1. Criterios de avaliación

- Coidar e manter en bo estado o violín e o arco para garantir o seu máximo rendemento. 2,5%
- Afianzar unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 15% **ME**
- Consolidar os principais conceptos técnicos do brazo dereito (conducción e divisións do arco en base ao punto de contacto, o peso e a velocidade) e da man esquerda (articulación na 1ª posición), así como a coordinación entre ambos. 17,5% **ME**
- Afianzar os golpes de arco de detaché, martelé e legato, e acadar un control xeralizado no staccato. 10%
- Desenvolver a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, a través da escoita e a interpretación. 15% **ME**
- Interpretar estudos e obras de memoria en público, aplicando con relativa autonomía os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, fraseo). 10%
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo, aplicados con relativa autonomía para resolver problemas coñecidos. 15% **ME**
- Ler a primeira vista pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en primeira posición e coas figuras de branca, negra, corchea e semicorchea. 5%

- Tocar en público con control xeralizado dos nervios e do protocolo de concerto, apreciando a experiencia de compartir a música cos demais. 10%

#### 9.2.3.2. Mínimos esixibles

No punto 9.2.2. e mais o anterior, os contidos e os criterios de calificación que aparecen seguidos das iniciais ME en negrita son aqueles considerados como mínimos esixibles para a superación do curso

#### 9.2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos de avaliación serán a observación sistemática do alumnado, o seguimento do traballo diario e a realización de audicións e probas.

Como ferramentas de avaliación, empregarase o diario de aula (onde quedará recollida a información e valoración do traballo diario), as audicións e probas (puidendo estas ser gravadas en audio e vídeo, co correspondente permiso do tutor legal en caso de menores de idade) e as follas de calibración para a avaliación (incluidas nos Anexos).

#### 9.2.3.4. Criterios de calificación

Os criterios de avaliación aparecen seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de calificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na calificación do alumnado.

### 9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.

- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.

- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo Xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

## 9.2.5. Medidas de recuperación

Os alumnos que non acadan os contidos, obxetivos e os minimos esixibles da avaliación, poderán realizar unha proba, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

Outras medidas de recuperación:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requerimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como
   - Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
   - Programación da practica semanal baixo supervisión dos seus pais/nais ou titores/as.

### 9.2.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Proba ordinaria do xuño:
Nesta proba o alumnado deberá interpretar unha parte do material que corresponda ao seu curso. O profesorado será o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

### 9.2.5.2. Probas extraordinarias

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria interpretando unha parte do material correspondente ao seu curso, e que deberá ser concretado por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregada en xuño. En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente o material a presentar nesta proba.

### 9.2.6. Recursos didácticos

A continuación, preséntase unha selección do repertorio e material didáctico que poderá ser empregado ao longo do curso. Non obstante, este non é un listado cerrado. O violín ten o privilexio de contar con gran cantidade de métodos, estudos e obras dedicados a el, polo que o/a docente poderá propoñer outro material que sexa igualmente adecuado ao nivel do curso, pero que se adapte mellor ás características e necesidades concretas de cada alumno ou alumna.

Escalas e arpexos:

- A. Grigorian – Escalas e arpexos
- Jozsef Bloch – Tonleiterschule Band I e II

Estudos e métodos:

- Mary Cohen – Superstudies Violin, vol. II
- Wohlfahrt - Estudos Op. 45 Vol. 1
- Joan Alfaras – Stradivari Vol. 2
- A. Holzer-Rhomberg – Fiedel Max vol. II
- M. Crikboom - O violín teórico e práctico Vol.1
- O. Sevcik – "Escuela de la Técnica del arco", Op.2
- Paul Rolland – Young Strings in action, vol. 2

Obras:

- S. Suzuki – Violin School Vol. 1 e 2 (selección de pezas de Corelli, Bach, Haendel, Haydn, Mozart...)
- E. Elgar - Six Easy Pieces for Violin
- George Perlman – Indian Concertino
- Ferdinand Küchler - Concertinos op. 11, op. 34 e op. 36
- Kabalevsky - Album pieces for one and two violins
- Alexej Janschinow – Concertino en estilo ruso, op. 35
- Natalja Baklanowa – Concertino en re menor
- Bartók – Dúos para dous violíns

## 9.3 Curso: 3º de grao elemental

### 9.3.1. Obxectivos

- Describir en profundidade as posibilidades acústicas do violín para aproveitalas na interpretación.
- Afianzar a colocación do violín e toma do arco, cunha posición baseada no equilibrio e a relaxación.
- Progresar na aprendizaxe dos golpes de arco de detaché, martelé, legato e staccato, tendo en conta os cambios na súa execución en función de figuración, dinámica e agóxica.
- Iniciar a aprendizaxe dos cambios de posición a 2ª e 3ª posición, con e sen glissando e nota de paso.
- Tocar escalas e arpexios maiores e menores de dúas oitavas con cambios de posición (1ª, 2ª e 3ª).
- Iniciar a aprendizaxe de dobres cordas (unha pisada e outra ao aire).
- Tocar pezas e estudos cun fraseo baseado nos principios básicos da súa estructura musical e na sensación de tensión e resolución.
- Progresar no desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a afinación e a homoxeneidade e calidade do son, a través da escoita e a interpretación.
- Progresar na adquisición dos hábitos básicos de estudo e memorización, e a súa aplicación na práctica diaria para resolver con autonomía problemas técnicos ou musicais coñecidos e de nova aparición.
- Progresar na interpretación en dúo co docente ou co acompañamento do piano, con control do ritmo e a afinación e conxunción no fraseo.
- Ler a primeira vista pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con combinacións das figuracións de branca, negra, corchea e semicorchea.
- Tocar en público de memoria, con control xeral dos nervios, respeto polo protocolo de concerto e disfrute da experiencia de compartir a música.

### 9.3.2. Contidos

- Posibilidades acústicas y expresivas del violín en relación con su morfología.
- Posición axeitada do instrumento e o arco, baseada no equilibrio e relaxación corporal. **ME**

- Progreso da técnica de man dereita: continuación do traballo sobre a produción do son (en función da presión, velocidade, cantidade e punto de contacto) e dos golpes de arco de detaché, martelé, legato e staccato. **ME**
- Progreso da técnica de man esquerda: iniciación na aprendizaxe de dobres cordas, das tres primeiras posicións fixas e cambio de posición desde a 1ª á 2ª e 3ª posición. **ME**
- Avance na sensibilización do oído interno para a afinación e a calidade do son, a través da escoita e a interpretación.
- Escalas e arpexos maiores e menores en dúas oitavas con cambios de posición (1ª, 2ª e 3ª).
- Interpretación de pezas e estudos de memoria, como solista ou en grupo, con respecto xeral dos principios básicos de afinación, ritmo, dinámica, fraseo e calidade do son.
- Fraseo consciente (non só intuituvo) en estudos e obras en función da súa estructura e características (agóxica, sensación de tensión e resolución armónica, etc.). **ME**
- Lectura a primeira vista de pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con combinacións das figuracións de branca, negra corchea e semicorchea.
- Técnicas de estudo, hábitos de disciplina e concentración e aplicación na práctica diaria para resolver con autonomía tanto problemas técnicos e musicais coñecidos previamente como novos.
- Control xeral dos nervios, disfrute da experiencia de compartir a música e repecto do protocolo de concerto ao tocar en público. **ME**

### 9.3.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter principalmente formativo, co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse procedementos e ferramentas variados e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase polos principios de obxectividade (tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística), transparencia (xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica) e accesibilidade (alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, sen limitarse únicamente á calificación trimestral ou final).

### 9.3.3.1. Criterios de avaliación

- Describir en profundidade as posibilidades sonoras e expresivas do violín e aproveitalas na interpretación. 5%
- Afianzar unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 10% **ME**
- Continuar o traballo sobre a produción do son (en función da presión, velocidade, cantidade e punto de contacto) e dos golpes de arco de detaché, martelé, legato e staccato. 15% **ME**
- Iniciar a aprendizaxe de dobres cordas, das tres primeiras posicións fixas e dos cambios de posición desde a 1ª á 2ª e 3ª posición e viceversa. 15% **ME**
- Desenvolver a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, a través da escoita e a interpretación. 10%
- Interpretar estudos e obras de memoria en público, aplicando con relativa autonomía os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, agóxica, afinación, fraseo). 10%
- Determinar un fraseo de forma consciente (non só intuituvo) en estudos e obras en función da súa estructura e características. 10% **ME**
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo, aplicados con relativa autonomía para resolver problemas coñecidos e novos. 10%
- Ler a primeira vista pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con combinacións das figuras de branca, negra, corchea e semicorchea. 5%
- Tocar en público con control xeralizado dos nervios e do protocolo de concerto, disfrutando da experiencia de compartir a música cos demais. 10% **ME**

### 9.3.3.2. Mínimos esixibles

No punto 9.3.2. e mais o anterior, os contidos e os criterios de calificación, os contidos que aparecen seguidos das iniciais ME en negrita son aqueles considerados como mínimos esixibles para a superación do curso.

### 9.3.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos de avaliación serán a observación sistemática do alumnado, o seguimento do traballo diario e a realización de audicións e

probas.

Como ferramentas de avaliación, empregarase o diario de aula (onde quedará recollida a información e valoración do traballo diario), as audicións e probas (puidendo estas ser gravadas en audio e vídeo, co correspondente permiso do tutor legal en caso de menores de idade) e as follas de calibración para a avaliación (incluidas nos Anexos).

#### 9.3.3.4. Criterios de calificación

Os criterios de avaliación aparecen seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de calificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na calificación do alumnado.

### 9.3.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo Xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

### 9.3.5. Medidas de recuperación

Os alumnos que non acadan os contidos, obxetivos e os minimos esixibles da avaliación, poderán realizar unha proba, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

Outras medidas de recuperación:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requerimentos dos alumnos con problemas concretos.

3. Realización de actividades complementarias de reforzo como

   - Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
   - Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

#### 9.3.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Proba ordinaria de xuño

Nesta proba o alumnado deberá interpretar unha parte do material que corresponda ao seu curso. O profesorado será o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

#### 9.3.5.2. Probas extraordinarias

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria interpretando unha parte do material correspondente ao seu curso, e que deberá ser concretado por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregada en xuño. En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente o material a presentar nesta proba.

### 9.3.6. Recursos didácticos

A continuación, preséntase unha selección do repertorio e material didáctico que poderá ser empregado ao longo do curso. Non obstante, este non é un listado cerrado. O violín ten o privilexio de contar con gran cantidad de métodos, estudos e obras dedicados a el, polo que o/a docente poderá propoñer outro material que sexa igualmente adecuado ao nivel do curso, pero que se adapte mellor ás características e necesidades concretas de cada alumno ou alumna.

Escalas e arpexos:

- A. Grigorian – Escalas e arpexos
- Jozsef Bloch – Tonleiterschule Band III

Estudos e métodos:

- Wohlfahrt - 60 Estudos Op. 45
- Joan Alfaras – Stradivari Vol. 3
- Kayser – 36 Estudos Op. 20
- Simos Fischer – Double stops
- O. Sevcik – “Escola da técnica do arco”, op.2; “Escola da técnica do violín”,

op. 8 e 9.

Obras:

- S. Suzuki – Violin School Vol. 2 e 3
- Haendel – Sonatas para violín
- Ferdinand Küchler - Concertinos op. 12 e op. 15 "en estilo de Vivaldi"
- Kabalevsky - Album pieces for one and two violins
- Alexej Janschinow – Concertino en estilo ruso, op. 35
- Natalja Baklanowa – Concertino en re menor
- A. Komarovsky – Concierto para violín nº 2 en La M
- Ch. Dancla - 12 Easy Fantasies, Op. 86
- F. Seitz - Concertos Op.22 e Op.13
- George Perlman – Israli Concertino
- Bartók – Dúos para dous violíns

## 9.4 Curso: 4º de grao elemental

### 9.4.1. Obxectivos

- Afianzar a colocación do violín e toma do arco, cunha posición baseada no equilibrio e a relaxación.

- Progresar na execución de cambios de posición á 2ª e 3ª posición, e iniciar a apredizaxe dos cambios á 4ª e 5ª posición, así como as súas respectivas posicións fixas.
- Iniciar ó estudo de escalas e arpexos maiores e menores de memoria en tres oitavas.
- Progresar na execución de dobres cordas e iniciación ás terceiras, sextas e oitavas.
- Iniciar a aprendizaxe do vibrato, baseado na relaxación e a flexibilidade.
- Perfeccionar a técnica da man esquerda e os golpes de arco coñecidos.
- Progresar no desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a afinación e a homoxeneidade e calidade do son, a través da escoita e a interpretación.
- Progresar na comprensión das estructuras musicais de obras do repertorio e aplicar ditos coñecementos para determinar o fraseo na interpretación.

- Progresar na interpretación en dúo co docente ou co acompañamento do piano, con control do ritmo, a afinación e a conxunción no fraseo. Identificar e diferenciar as distintas voces.
- Ler a primeira vista fragmentos ou pezas con fluidez xeral, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con ritmos de progresiva dificultade.
- Progresar na adquisición dos hábitos de estudo e a súa aplicación na práctica diaria, para resolver con autonomía todo tipo de problemas técnicos ou musicais.
- Tocar en público de memoria, sen que os nervios impidan o disfruta da experiencia de compartir a música e con respeto polo protocolo de concerto.
- Interpretar un repertorio co nivel esixido para realizar unha proba de acceso a Grao Profesional con un bo control de instrumento, afinación, son, ritmo e sensibilidade musical.

### 9.4.2. Contidos

- Dobres cordas: iniciación ás terceiras, sextas e oitavas. **ME**
- Progreso dos cambios de posición á 2ª e 3ª, e iniciación do cambios á 4ª e 5ª posición (así como as súas respectivas posicións fixas). **ME**
- Escalas e arpexos maiores e menores en tres oitavas con cambios de posición (da 1ª á 5ª).
- Perfeccionamento dos golpes de arco básicos: detaché, legato, martelé, staccato e combinacións deles.
- Iniciación ao vibrato, baseado na flexibilidade e a relaxación. **ME**
- Avance na sensibilización do oído interno para a afinación e a calidade do son, a través da escoita e a interpretación.
- Interpretación de pezas e estudos de memoria, como solista ou en grupo, con respecto xeral dos principios básicos de afinación, ritmo, dinámica, fraseo e calidade do son.
- Fraseo consciente (non só intuituvo) en estudos e obras en función da súa estructura e características (agóxica, sensación de tensión e resolución armónica, etc.). **ME**
- Técnicas de estudo e de memorización, e aplicación na práctica diaria para resolver con autonomía problemas técnicos e musicais.
- Lectura a primeira vista de fragmentos ou pezas con fluidez xeral, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con ritmos de progresiva dificultade.
- Interpretación en público, cun control xeral dos nervios que permita o

disfrute da experiencia de compartir a música, e repecto do protocolo de concerto. **ME**

### 9.4.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter principalmente formativo, co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse procedementos e ferramentas variados e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase polos principios de obxectividade (tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística), transparencia (xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica) e accesibilidade (alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, sen limitarse únicamente á calificación trimestral ou final).

#### 9.4.3.1 Criterios de avaliación

- Afianzar unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 10% **ME**
- Progresar na técnica de man dereita: empregar con solvencia os golpes de arco de detaché, martelé, legato e staccato, así como a súa combinación. 15% **ME**
- Progresar na técnica de man esquerda, baseada sempre nos princpios de flexibilidade e relaxación: iniciar a aprendizaxe de terceiras, sextas e oitavas (dobres cordas), dos cambios á 4ª e 5ª posicións e do vibrato. 15% **ME**
- Perfeccionar a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, a través da escoita e a interpretación. 10%
- Interpretar estudos e obras (adecuadas para unhas probas de acceso a Grado Profesional) de memoria, aplicando con relativa autonomía os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, agóxica, afinación, fraseo). 10%
- Ler a primeira vista fragmentos ou pezas con fluidez, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con ritmos de pregresiva dificultade. 5%
- Determinar un fraseo de forma consciente (non só intuituvo) en estudos e obras en función da súa estructura e características. 15% **ME**

- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo, aplicados con autonomía para resolver problemas técnicos e musicais. 10%
- Tocar en público sen que os nervios impidan o disfrute da experiencia de compartir a música, e respeto do protocolo de concerto. 10% **ME**

#### 9.4.3.2 Mínimos esixibles

No punto 9.4.2. e mais o anterior, os contidos e os criterios de calificación que aparecen seguidos das iniciais ME en negrita son aqueles considerados como mínimos esixibles para a superación do curso.

#### 9.4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos de avaliación serán a observación sistemática do alumnado, o seguimento do traballo diario e a realización de audicións e probas.

Como ferramentas de avaliación, empregarase o diario de aula (onde quedará recollida a información e valoración do traballo diario), as audicións e probas (puidendo estas ser gravadas en audio e vídeo, co correspondente permiso do tutor legal en caso de menores de idade) e as follas de calibración para a avaliación (incluidas nos Anexos).

#### 9.4.3.4 Criterios de calificación

Os criterios de avaliación aparecen seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de calificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na calificación do alumnado.

### 9.4.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.

- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo Xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

## 9.4.5 Medidas de recuperación

Os alumnos que non acadan os contidos, obxetivos e os minimos esixibles da avaliación, poderán realizar unha proba, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

Outras medidas de recuperación:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.

2. Adaptación das U. D. específicas aos requerimentos dos alumno con problemas concretos.

3. Realización de actividades complementarias de reforzo como 

    - Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
    - Programación da practica semanal baixo supervisión dos seus pais/nais ou titores/as.

### 9.4.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Proba ordinaria do xuño:

Nesta proba o alumnado deberá interpretar unha parte do material que corresponda ao seu curso. O profesorado será o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

### 9.4.5.2 Probas extraordinarias

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria interpretando unha parte do material correspondente ao seu curso, e que deberá ser concretado por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregada en xuño. En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente o material a presentar nesta proba.

### 9.4.6 Recursos didácticos

A continuación, preséntase unha selección do repertorio e material didáctico que poderá ser empregado ao longo do curso. Non obstante, este non é un listado cerrado. O violín ten o privilexio de contar con gran cantidad de métodos, estudos e obras dedicados a el, polo que o/a docente poderá propoñer outro material que sexa igualmente adecuado ao nivel do curso, pero que se adapte mellor ás características e necesidades concretas de cada alumno ou alumna.

Escalas e arpexos:

- A. Grigorian – Escalas e arpexos
- Jozsef Bloch – Tonleiterschule Band I e II

Estudos e métodos:

- Wohlfahrt - 60 Estudos Op. 45
- R. Kreutzer – 42 Estudos
- Kayser – 36 Estudos Op. 20
- Simon Fischer – Double stops
- O. Sevcik – “Escola da técnica do arco”, op.2; “Escola da técnica do violín”, op. 8 e op. 9

Obras:

- S. Suzuki – Violin School Vol. 2 e 3
- Haendel – Sonatas para violín
- Ferdinand Küchler - Concertinos op. 12 e op. 15 “en estilo de Vivaldi”
- O. Rieding – Concertino para violín en si menor
- Alexej Janschinow – Concertino en estilo ruso, op. 35
- Natalja Baklanowa – Concertino en re menor
- A. Komarovsky – Concierto para violín nº 2 en La M
- Ch. Dancla - 12 Easy Fantasies, Op. 86
- F. Seitz - Concertos Op.22 e Op.13
- George Perlman – Israli Concertino
- J. S. Bach – Concerto para dous violíns en re m
- Bartók – Dúos para dous violínsCurso: 1º de grao profesional

## 9.5 Curso: 1º de grao profesional

### 9.5.1 Obxectivos

- Afianzar a postura corporal co instrumento, baseada no equilibrio e a relaxación.
- Perfeccionar os cambios de posición (ata á 5ª) e introducir a 6ª posición, primeiro fixa e logo con cambios a/de outras posicións.
- Iniciar a interpretación da polifonía, identificando as distintas voces.
- Perfeccionar o vibrato e a súa aplicación como elemento expresivo, así como a calidade do son.
- Perfeccionar os golpes de arco básicos e iniciar o estudo do spiccato e o ricochet.
- Tocar escalas e arpexos en 3 oitavas de memoria e coas súas respectivas dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas)
- Iniciar o estudo dos acordes, con especial atención á afinación, control do brazo dereito e calidade do son.
- Aplicar os criterios e convencións estilísticas correspondentes á interpretación de obras de distintas épocas e correntes.
- Ler obras a primeira vista, incluíndo ata á 5ª posición e con ritmos de progresiva dificultade.
- Tocar pezas de memoria, con bo control de instrumento, afinación, son, ritmo e musicalidade.
- Adquirir hábitos correctos de estudo diario para resolver problemas ténicos e musicais.
- Escoitar gravacións de audio e video de outros intérpretes para adquirir criterios interpretativos.

### 9.5.2 Contidos

- Afinación das cordas do violín empregando os afinadores.
- Continuación do traballo sobre os cambios de posición (ata a 6ª posición).
- Perfeccionamento dos golpes de arco básicos e iniciación ao spiccato e ricochet.
- Desenvolvemento do vibrato e aplicación como elemento expresivo. **ME**
- Dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas) e acordes. **ME**
- Perfeccionamento da calidade do son, baseada no peso, a velocidade, o

punto de contacto e a cantidade de arco.

- Coñenecemento e aplicación dos criterios e convencións estilísticas na interpretación de obras de distintas épocas e correntes. **ME**
- Continuación do traballo sobre o fraseo en función da estructura e características da obra. **ME**
- Escalas e arpexos en tres oitavas de memoria, coas súas respectivas dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas).
- Iniciación á polifonía: identificación das diferentes voces e perfeccionamento do control de arco (velocidade, peso, axilidade nos cambios das cordas)
  - Lectura a primeira vista de obras, ata a 5ª posición e con ritmos de progresiva dificultade.
  - Perfeccionamento da sensibilización do oído interno para a afinación e a calidade do son, a través da escoita e a interpretación. **ME**
- Pautas de estudio e técnicas de memorización, para afrontar con progresiva autonomía os problemas técnicos e interpretativos.

### 9.5.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter principalmente formativo, co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse procedementos e ferramentas variados e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase polos principios de obxectividade (tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística), transparencia (xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica) e accesibilidade (alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, sen limitarse únicamente á calificación trimestral ou final).

#### 9.5.3.1 Criterios de avaliación

- Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación e a calidade do son. 5%
- Progresar no traballo sobre os cambios de posición, incidindo especialmente nas sensacións de flexibilidade e relaxación. 10%

- Continuar co traballo do vibrato, incidindo nas sensacións de flexibilidade e relaxación, e empregalo como recurso expresivo no repertorio de maneira responsable e acorde có estilo e compositor. 15% **ME**
- Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estructura, época e carácter das obras. 15% **ME**
- Enumerar e definir en profundidade as posibilidades acústicas e interpretativas do violín. Afinar as cordas ao aire cos afinadores. 5%
- Progresar no traballo dos golpes de arco e empregalos con solvencia na interpretación: detaché, martelé, staccato, legato, spiccato, ricochet e outros. 10%
- Avanzar no traballo de articulación e afinación da man esquerda en dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas) e acordes. 15% **ME**
- Ler obras a primeira vista, ata á 5ª posición e con ritmos de progresiva dificultade. 5%
- Tocar estudos e pezas de memoria en público con control dos nervios, disfrute da experiencia e respeto do protocolo de concerto. 10% **ME**
- Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos. 10%

### 9.5.3.2 Mínimos esixibles

No punto 9.5.2. e mais o anterior, os contidos e criterios de avaliación que aparecen seguidos das iniciais ME en negrita son aqueles considerados como mínimos esixibles para a superación do curso.

### 9.5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos de avaliación serán a observación sistemática do alumnado, o seguimento do traballo diario e a realización de audicións e probas.

Como ferramentas de avaliación, empregarase o diario de aula (onde quedará recollida a información e valoración do traballo diario), as audicións e probas (puidendo estas ser gravadas en audio e vídeo, co correspondente permiso do tutor legal en caso de menores de idade) e as follas de calibración para a avaliación (incluidas nos Anexos).

#### 9.5.3.4 Criterios de calificación

Os criterios de avaliación aparecen seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de calificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na calificación do alumnado.

### 9.5.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidade de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo Xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

### 9.5.5 Medidas de recuperación

Os alumnos que non acadan os contidos, obxetivos e os minimos esixibles da avaliación, poderán realizar unha proba, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

Outras medidas de recuperación:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requerimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como
   - Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
   - Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

#### 9.5.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Proba ordinaria do xuño:

Nesta proba o alumnado deberá interpretar unha parte do material que corresponda ao seu curso. O profesorado será o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

#### 9.5.5.2 Probas extraordinarias

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria interpretando unha parte do material correspondente ao seu curso, e que deberá ser concretado por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregada en xuño. En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente o material a presentar nesta proba.

### 9.5.6 Recursos didácticos

A continuación, preséntase unha selección do repertorio e material didáctico que poderá ser empregado ao longo do curso. Non obstante, este non é un listado cerrado. O violín ten o privilexio de contar con gran cantidade de métodos, estudos e obras dedicados a el, polo que o/a docente poderá propoñer outro material que sexa igualmente adecuado ao nivel do curso, pero que se adapte mellor ás características e necesidades concretas de cada alumno ou alumna.

<u>Escalas e arpexos</u>:

- C. Flesch: Sistema de escalas.

<u>Estudos e métodos</u>:

- O. Sevcik - “Escola da técnica de arco”, op. 2; “Escola da técnica de violín”, op. 8 e 9.
- E. Bloch – Estudos en dobres cordas
- Bohuslav Martinu – Rhythmische Etüden für Violine (und Klavier)
- Kayser – 36 Estudos Op.20
- Carl Flesch – Urstudien für Violine
- Schradieck – Escola da ténica de violin
- Dont – 24 Etudes and Caprices, op. 35
- Kreutzer – 42 Estudos
- Associated Board of the Royal Schools of Music - Specimen Sight-Reading Tests for Violin

Obras e Concertos:

- Vivaldi - Concertos para violín en sol menor, la menor e Sol Maior
- J. S. Bach - Concerto para dous violíns en re menor
- Sonatas para violín: de Corelli (nº 7-12, op. 5), Vivaldi (op. 2), Haendel (nº 3, 12-15)
- L. Van Beethoven – 6 danzas alemanas, op. 42
- A. Dvorak - Sonatina
- Telemann – 12 Fantasias para Violín solo
- Fr. Kreisler – Siciliana y Rigaudon, Tempo de Minueto
- Accolay - Concerto para violín nº 1 en la menor
- F. Seitz - Concerto nº 1 en Re Maior, op. 7; Conerto nº 5, op. 22
- O. Rieding – Concertos para violín op. 21 “en estilo húngaro” e op. 24
- George Pearlman – Israeli Concerto
- Orchester Probespiel Violine Schott (pasaxes orquestrais)
- W. A. Mozart e J. Haydn – Dúos para dous violíns

## 9.6 Curso: 2º de grao profesional

### 9.6.1. Obxectivos

- Perfeccionar os cambios de posición (ata á 6ª) e introducir as posicións restantes, primeiro fixas e logo con cambios a/de outras posicións.
- Desenvolver a interpretación da polifonía (abreviaturas ornamentales, articulación e control do arco).
- Perfeccionar o vibrato e a súa aplicación como elemento expresivo, así como a calidade do son..
- Perfeccionar os golpes de arco coñecidos e iniciar o estudo do staccato e spiccato volante.
- Tocar escalas, arpexos e dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas) de memoria en 3 oitavas.
- Progresar no estudo dos acordes, con especial atención á afinación, control do brazo dereito e calidade do son.
- Aplicar os criterios e convencións estilísticas correspondentes á interpretación de obras de distintas épocas e correntes. Glissando e portamento: e a sua relación cos distintos estilos musicais.

- Adquirir criterios interpretativos fraseo, matices, agóxica e vibrato como elemento da expresividade.
- W. A. Mozart – Sonatas para violín e piano KV 376-380; Concertos para violín nº 3, 4 e 5 (KV 211, 218 e 219, respectivamente)
- E. Grieg – Sonatas para violín e piano op. 8, 13 e 45

- Vitali – Chacona
- Dvorak – Romanza op. 11
- A. Gaos – Fantasía para violín
- M. Bruch – Kol Nidrei, Concerto para violín en sol menor op. 26
- F. Schubert – Sonata para violín e piano D. 385 e 408
- L. Van Beethoven – 10 sonatas
- P. Sarasate – Danza española nº 7 y 8, Romanza andaluza
- M. De Falla – Suite Popular Española, Danza española da "Vida breve"
- B. Bartók – Danzas Rumanas
- J. Massenet – Meditación
- H. Wieniawski – Lenda, op. 17, "Polonesa brillante", Concerto para violín nº 2 en re menor, op. 22
- Prokofiev – Sonata para violín solo, op. 115
- J. S. Bach – Sonatas e Partitas para violín só
- Viotti – Concertos para violín nº 22 e 23
- C. Saint Saëns – Concerto nº 3 en si menor
- Orchester Probespiel Violine Schott (pasaxes orquestrais)

## 9.10 Curso: 6º de grao profesional

### 9.10.1 Obxectivos

- Perfeccionar o desenvolvemento progresivo da técnica do instrumento: velocidade, axilidade e control.
- Perfeccionar a calidade e variedade tímbrica do son: variar o punto de contacto do arco acorde coas diferentes posicións da man esquerda, dinámicas. golpes de arco e articulacións.
- Tocar escalas e arpexos de memoria en 4 oitavas e dobres cordas (terceiras, sextas, oitavas, oitavas dixitadas e décimas).
- Controlar permanentemente a afinación en toda-las posicións e dobres cordas, e flexibilizar os cambios dunha posición á outra.
- Perfeccionar o vibrato: expresividade, variedade e relaxación sen tensións.
- Continuar o desenvolvemento dos elementos interpretativos e de expresividade: fraseo, matices, agóxica, vibrato, timbre, cor, glissando e

portamento.

- Perfeccionar todo-los golpes de arco.
- Perfeccionar a execución de acordes: peso e velocidade do arco, punto de contacto para unha boa calidade do son.
- Adaptar a interpretación segundo ós distintos estilos e características das obras.
- Aplicar no repertorio todos os coñecementos teóricos, harmónicos, formais, históricos, estéticos y musicais adquiridos.
- Perfeccionar o control de arco na polifonía, incidindo na diferenciación das voces (variedade tímbrica e de intensidade) e a afinación acorde coa harmonía.
- Ler obras a primeira vista con total respeto polo texto musical e fraseo.
- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a relaxación e ter autocontrol para minimizar os efectos do medo escénico, e así conseguir unha mellor interpretación en público.
- Perfeccionar as técnicas de memorización para así tocar obras de memoria con seguridade.
- Aplicar con total autonomía hábitos e técnicas de estudo diario para perfeccionar as capacidades técnicas e artísticas.
  - Escoitar gravacións de audio e video doutros intérpretes e asistir a concertos de diversos estilos musicais para seguir adquirindo criterios interpretativos e estilísticos, así como expandindo a cultura musical.

### 9.10.2 Contidos

- Traballo sobre a calidade e variedade do son.
- Atención permanente da afinación mediante o control do oído interno.
- Estudo sistemático de toda-las posicións, cos seus cambios.
- Perfeccionamento dos diferentes golpes de arcos coñecidos.
- Continuación do traballo de vibrato expresivo, variado e controlado.
- Escalas e arpexos en tres oitavas e sobre unha corda de memoria. Dobres cordas, progreso das oitavas dixitadas e iniciación ás décimas. **ME**
- Aplicación de diversas articulacións, diferentes golpes de arco e a forma na que se integran os aspectos rítmicos na interpretación
- Armónicos naturais e artificiais en todas as posicións.
- Aplicarción na interpretación dos coñecementos teóricos, harmónicos,

formais e históricos adquiridos, para definir o carácter e fraseo. Fidelidade ao texto musical. **ME**

- Traballo sobre a interpretación da polifonía e aplicación da capacidade e coñecementos teorico-prácticos e musicais para a conducción do tema, sendo capaz de destacar as voces mais importantes.
- Lectura a primeira vista, con total respeto polo texto musical e o fraseo.
- Pautas de estudio e técnicas de memorización, para afrontar con progresiva autonomía os problemas técnicos e interpretativos. **ME**
- Práctica permanente e progresiva da memoria con obras do repertorio. **ME**
- Desarrollo do criterio e a capacidade de analizar versións musicais de diferentes intérpetes. **ME**
- Desarrollo da capacidade e autonomía para escoller e propoñer dixitacións e arcadas mais adecuadas para as obras do repertorio.

## 9.10.3 Avaliación

A avaliación terá un carácter principalmente formativo, co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse procedementos e ferramentas variados e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase polos principios de obxectividade (tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística), transparencia (xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica) e accesibilidade (alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, sen limitarse únicamente á calificación trimestral ou final).

### 9.10.3.1 Criterios de avaliación

- Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación, a calidade do son e a aplicación de todas as capacidades interpretativas do violín. 10%
- Perfeccionar a execución de golpes de arco saltados e alla corda e empregalos con solvencia na interpretación. 5%
- Perfeccionar a afinación e calidade do son nos acordes e dobres cordas (terceiras, sextas, oitavas, oitavas dixitadas e décimas). 5%

- Perfeccionar a técnica de man esquerda: cambios a todas as posición (axustando a velocidade), afinación, vibrato como elemento expresivo, articulación, axilidade, velocidade. 10%
- Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estrutura, época e carácter das obras. 15% **ME**
- Perfeccionar e afianzar a autonomía e confianza na resolución de problemas técnicos e interpretativo, sendo fiel ao texto musical. 15% **ME**
- Ler obras a primeira vista, con total respeto polo texto musical e o fraseo. 5%
- Práctica permanente e progresiva da memoria con obras do repertorio. 10% **ME**
- Perfeccionar e afianzar o propio criterio e capacidade de análise de versións musicais de diferentes intérpetes e obras, e demostrar iniciativa e capacidade para aplicar dito criterio na propia interpretación. 15% **ME**.
- Demostrar motivación, madurez y preparación do repertorio para as actuacións no público. 10% **ME**

#### 9.10.3.2 Mínimos esixibles

No punto 9.10.2. e mais o anterior, os contidos e os criterios de avaliación que aparecen seguidos das iniciais ME en negrita son aqueles considerados como mínimos esixibles para a superación do curso.

#### 9.10.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos de avaliación serán a observación sistemática do alumnado, o seguimento do traballo diario e a realización de audicións e probas.

Como ferramentas de avaliación, empregarase o diario de aula (onde quedará recollida a información e valoración do traballo diario), as audicións e probas (puidendo estas ser gravadas en audio e vídeo, co correspondente permiso do tutor legal en caso de menores de idade) e as follas de calibración para a avaliación (incluidas nos Anexos).

#### 9.10.3.4 Criterios de calificación

Os criterios de avaliación aparecen seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de calificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na calificación do alumnado.

### 9.10.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

### 9.10.5 Medidas de recuperación

Os alumnos que non acadan os contidos, obxetivos e os minimos esixibles da avaliación, poderán realizar unha proba, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

Outras medidas de recuperación:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como 
   - Asistencia como oínte a clases de outros alumnos.
   - Programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

#### 9.10.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Proba ordinaria do xuño:

Nesta proba o alumnado deberá interpretar unha parte do material que corresponda ao seu curso. O profesorado será o encargado de designar os contidos e o repertorio a interpretar.

#### 9.10.5.2 Probas extraordinarias

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria interpretando unha parte do material correspondente ao seu curso, e que deberá ser concretado por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregada en xuño. En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente o material a presentar nesta proba.

### 9.10.6 Recursos didácticos

A continuación, preséntase unha selección do repertorio e material didáctico que poderá ser empregado ao longo do curso. Non obstante, este non é un listado cerrado. O violín ten o privilexio de contar con gran cantidade de métodos, estudos e obras dedicados a el, polo que o/a docente poderá propoñer outro material que sexa igualmente adecuado ao nivel do curso, pero que se adapte mellor ás características e necesidades concretas de cada alumno ou alumna.

Escalas e arpexos:

- C. Flesch: Sistema de escalas.

Estudos e métodos:

- Enrico Polo – Estudos sobre dobres cordas
- Bohuslav Martinu – Rhythmische Etüden für Violine (und Klavier)
- Carl Flesch – Urstudien für Violine
- Schradieck – Escola da ténica de violin
- Dont – 24 Etudes and Caprices, op. 35
- Kreutzer – 42 Estudos
- Rode – 24 Caprichos
- N. Paganini – 24 Caprichos
- H. Wieniavsky - "Estudos – Caprichos" Op.1
- Mazas - "Estudos Brillantes" Op.36
- Associated Board of the Royal Schools of Music - Specimen Sight-Reading Tests for Violin

Obras e Concertos:

- W. A. Mozart – Sonatas para violín e piano KV 376-380; Concertos para violín nº 3, 4 e 5 (KV 211, 218 e 219, respectivamente)
- E. Grieg – Sonatas para violín e piano op. 8, 13 e 45
- Vitali – Chacona
- A. Gaos – Fantasía para violín
- M. Bruch – Kol Nidrei, Concerto para violín en sol menor op. 26
- F. Schubert – Sonata para violín e piano D. 385 e 408
- L. Van Beethoven – 10 sonatas
- P. Sarasate – Danza española nº 7 y 8, Romanza andaluza

- M. De Falla – Suite Popular Española, Danza española da "Vida breve"
- B. Bartók – Danzas Rumanas
- J. Massenet – Meditación
- H. Wieniawski – Lenda, op. 17, "Polonesa brillante", Concerto para violín nº 2 en re menor, op. 22
- Prokofiev – Sonata para violín solo, op. 115
- J. S. Bach – Sonatas e Partitas para violín só
- Viotti – Concertos para violín nº 22 e 23
- C. Saint Saëns – Concerto nº 3 en si menor
- E. Lalo – Sinfonía española op. 21
- F. Mendelssohn – Concerto para violín op. 64
- Orchester Probespiel Violine Schott (pasaxes orquestrais)

## 10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instruccións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que *"[…] a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa […]"*, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Violín para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro.
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **Avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre

criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos

- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

## 11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquelo que se estime oportuno.

# 12. ANEXOS

## 12.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

### 12.1.1. Contidos

- Interpretación de tres obras de estilos diferentes (unha de elas poderá ser un estudo).
- Unha das obras (ou estudo) presentadas deberá ser interpretada de memoria.
- Lectura a primeira vista dun fragmento ou pequena obra, empregando ata a 5ª posición e respectando o ritmo, agóxica e dinámicas.

É obrigado o acompañamento do piano en tódalas obras que así o precisen.

O alumno poderá consultar o repertorio orientativo establecido en recursos didácticos da presente programación no artigo 9.4.6 (inmediatamente anterior ao curso que se presente)

O tribunal resérvase o dereito admitir o rexeitar aquelas obras que sexan dun nivel inferior ao esixido.

Antes de realizar a proba, o candidato deberá entregar ao tribunal dúas copias do repertorio a interpretar.

### 12.1.2. Criterios de avaliación

- Presentar con bo dominio un programa coherente en relación aos contidos expostos. 10%
- Ter unha posición correcta do violín, da man esquerda e do arco que lle permita tocar con comodidade, relaxación e seguridade. 20%
- Demostrar sensibilidade musical e capacidade de fraseo en función das características e estrutura da obra. 20%
- Mostrar un control xeral dos principais aspectos da técnica: afinación, calidade do son, ritmo, dinámica e agóxica. 20%
- Realizar os cambios de posicións coa técnica correcta e con boa afinación. 10%
- Utilizar o vibrato como recurso expresivo e emprega-lo no repertorio. 10%

- Saber utilizar os golpes de arco básicos con solvencia. (detaché, legato, staccato, martelé e combinacións entre eles. 10%

### 12.1.3. Criterios de cualificación

Os criterios de avaliación aparecen seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de cualificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na cualificación do alumnado.

## 12.2. Probas de acceso a outros cursos

### 12.2.1. Contidos

Para o **grao elemental**, na interpretación no instrumento da especialidade á que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal que contará o 60% da nota total das probas.

Para o **grao profesional**, na interpretación de tres obras de diferentes estilos (unha delas de memoria). Das obras que conteñan máis dun movemento será requirida a interpretación de todos eles. Como orientación das obras a interpretar servirá o listado de obras (de esta programación) do curso anterior ao cal se pretenda acceder. Esta proba puntúa un 70% do total.

O alumno poderá consultar o repertorio orientativo establecido en recursos didácticos da presente programación nos artigos inmediatamente anteriores ao curso que se presente:

Para acceso a 2ºGE consultar 9.1.6
Para acceso a 3ºGE consultar 9.2.6
Para acceso a 4ºGE consultar 9.3.6
Para acceso a 2ºGP consultar 9.5.6
Para acceso a 3ºGP consultar 9.6.6
Para acceso a 4ºGP consultar 9.7.6
Para acceso a 5ºGP consultar 9.8.6
Para acceso a 6ºGP consultar 9.9.6

O tribunal resérvase o dereito admitir o rexeitar aquelas obras que sexan dun nivel inferior ao esixido.

Antes de realizar a proba, o candidato deberá entregar ao tribunal dúas copias do repertorio a interpretar.

### 12.2.2. Criterios de avaliación

Presentar con bo dominio un programa coherente en relación aos contidos expostos.

O alumno poderá consultar criterios da avaliación nos artigos inmediatamente anteriores ao curso que se presenta:

Para acceso a 2ºGE consultar 9.1.3.1
Para acceso a 3ºGE consultar 9.2.3.1
Para acceso a 4ºGE consultar 9.3.3.1
Para acceso a 2ºGP consultar 9.5.3.1
Para acceso a 3ºGP consultar 9.6.3.1
Para acceso a 4ºGP consultar 9.7.3.1
Para acceso a 5ºGP consultar 9.8.3.1
Para acceso a 6ºGP consultar 9.9.3.1

### 12.2.3. Criterios de cualificación

Os criterios de avaliación correspondentes a cada curso aparecen no seu apartado correspondente seguidos dunha porcentaxe, os cales, ao ser sumados, dan 100% en total. Esta porcentaxe é o criterio de cualificación correspondente: é dicir, a porcentaxe se corresponde co valor que cada criterio ten na cualificación do alumnado.

## 12.3. Premios Fin de Grao

Segundo consta na lexislación vixente, os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao profesional.

### 12.3.1. Contidos da proba

- Presentación por parte dos aspirantes dun programa cunha duración comprendida entre os 15 e os 30 minutos, sendo 15 minutos a duración mínima para a proba.
- Inclusión dunha serie de obras que representen estilos diferentes, quedando excluídos desta particularidade os instrumentos nos que non sexa posible.
- Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro (con rexistro de entrada e mediante soporte informático) das notas ao programa elaboradas por el/a mesmo/a, cando menos con tres días de antelación á celebración da proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro.

### 12.3.2. Criterios de avaliación

- Realizar unha interpretación musical de calidade acorde ás esixencias da proba.
- Presentar un programa coherente en relación aos contidos expostos.
- Interpretar un programa que presente obras de diferentes épocas e/ou estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

### 12.3.3. Criterios de cualificación

| | |
|---|---|
| - Técnica do instrumento | 30% |
| - Musicalidade (Interpretación) | 40% |
| - Comportamento escénico e actitude | 30% |
| Total 100% | |

## 12.4. Fichas de calibración para a avaliación e cualificación do alumnado

As fichas de calibración son ferramentas de avaliación e de cualificación. A partir de cada criterio de avaliación (que está relacionado ao mesmo tempo cun criterio de cualificación), establecerase o nivel de logro de cada alumno ou alumna. Desta maneira, os números que aparecen na ficha representan que o cumprimento do criterio de avaliación por parte do alumnado foi:

4 – Moi bo → O alumnado obterá a totalidade da cualificación correspondente a ese criterio de avaliación.

3 – Positivo → O alumnado obterá ¾ da cualificación correspondente a ese criterio de avaliación.

2 – Aceptable → O alumno obterá a metade da cualificación correspondente a ese criterio de avaliación.

1 – En proceso → O alumnado obterá ¼ da cualificación correspondente a ese criterio de avaliación.

0 – Negativo → O alumnado obterá unha cualificación de 0 nese criterio de avaliación.

### 12.4.1. 1º Grado Elemental

| Criterios de avaliación | 4 | 3 | 2 | 1 | 0 |
|---|---|---|---|---|---|
| Enumerar e describir de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento. 5% | | | | | |
| Ter unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 15% **ME** | | | | | |
| Asimilar os principais conceptos técnicos do brazo dereito (condución e divisións do arco) e da man esquerda (articulación na 1ª posición), así como a coordinación entre ambos. 15% **ME** | | | | | |
| Empregar os golpes de arco básicos con control xeralizado (detaché, martelé e legato). 10% | | | | | |
| Desenvolver a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, tanto tocando como escoitando. 15% **ME** | | | | | |
| Interpretar obras de memoria en público empregando os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, fraseo). 10% | | | | | |
| Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo. 15% **ME** | | | | | |
| Ler a primeira vista pequenos fragmentos con relativa fluidez, con cordas ao aire e coas figuras de branca, negra e corchea. 5% | | | | | |
| Tocar en público con control xeralizado dos nervios e do protocolo de concerto. 10% | | | | | |

## 12.4.2. 2º Grado Elemental

| **Criterios de avaliación** | **4** | **3** | **2** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|---|
| Coidar e manter en bo estado o violín e o arco para garantir o seu máximo rendemento. 2,5% | | | | | |
| Afianzar unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 15% **ME** | | | | | |
| Consolidar os principais conceptos técnicos do brazo dereito (condución e divisións do arco en base ao punto de contacto, o peso e a velocidade) e da man esquerda (articulación na 1ª posición), así como a coordinación entre ambos. 17,5% **ME** | | | | | |
| Afianzar os golpes de arco de detaché, martelé e legato, e acadar un control xeralizado no staccato. 10% | | | | | |
| Desenvolver a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, a través da escoita e a interpretación. 15% **ME** | | | | | |
| Interpretar estudos e obras de memoria en público, aplicando con relativa autonomía os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, fraseo). 10% | | | | | |
| Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo, aplicados con relativa autonomía para resolver problemas coñecidos. 15% **ME** | | | | | |
| Ler a primeira vista pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en primeira posición e coas figuras de branca, negra, corchea e semicorchea. 5% | | | | | |
| Tocar en público con control xeralizado dos nervios e do protocolo de concerto, apreciando a experiencia de compartir a música cos demais. 10% | | | | | |

### 12.4.3. 3º Grado Elemental

| **Criterios de avaliación** | **4** | **3** | **2** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|---|
| Describir en profundidade as posibilidades sonoras e expresivas do violín e aproveitalas na interpretación. 5% | | | | | |
| Afianzar unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 10% **ME** | | | | | |
| Continuar o traballo sobre a produción do son (en función da presión, velocidade, cantidade e punto de contacto) e dos golpes de arco de detaché, martelé, legato e staccato. 15% **ME** | | | | | |
| Iniciar a aprendizaxe de dobres cordas, das tres primeiras posicións fixas e dos cambios de posición desde a 1ª á 2ª e 3ª posición e viceversa. 15% **ME** | | | | | |
| Desenvolver a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, a través da escoita e a interpretación. 10% | | | | | |
| Interpretar estudos e obras de memoria en público, aplicando con relativa autonomía os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, agóxica, afinación, fraseo). 10% | | | | | |
| Determinar un fraseo de forma consciente (non só intuitivo) en estudos e obras en función da súa estrutura e características. 10% **ME** | | | | | |
| Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo, aplicados con relativa autonomía para resolver problemas coñecidos e novos. 10% | | | | | |
| Ler a primeira vista pequenos fragmentos ou pezas con relativa fluidez, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con combinacións das figuras de branca, negra, corchea e semicorchea. 5% | | | | | |
| Tocar en público con control xeralizado dos nervios e do protocolo de concerto, desfrutando da experiencia de compartir a música cos demais. 10% **ME** | | | | | |

## 12.4.4. 4º Grado Elemental

| **Criterios de avaliación** | **4** | **3** | **2** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|---|
| Afianzar unha postura do violín e do arco acorde aos principios da técnica, e baseada no equilibrio e a relaxación corporal. 10% **ME** | | | | | |
| Progresar na técnica de man dereita: empregar con solvencia os golpes de arco de detaché, martelé, legato e staccato, así como a súa combinación. 15% **ME** | | | | | |
| Progresar na técnica de man esquerda, baseada sempre nos principios de flexibilidade e relaxación: iniciar a aprendizaxe de terceiras, sextas e oitavas (dobres cordas), dos cambios á 4ª e 5ª posicións e do vibrato. 15% **ME** | | | | | |
| Perfeccionar a sensibilidade do oído interno para determinar e corrixir a afinación e calidade do son, a través da escoita e a interpretación. 10% | | | | | |
| Interpretar estudos e obras (adecuadas para unhas probas de acceso a Grado Profesional) de memoria, aplicando con relativa autonomía os conceptos técnicos y musicais adquiridos (ritmo, dinámica, agóxica, afinación, fraseo). 10% | | | | | |
| Ler a primeira vista fragmentos ou pezas con fluidez, en 1ª, 2ª e 3ª posición e con ritmos de progresiva dificultade. 5% | | | | | |
| Determinar un fraseo de forma consciente (non só intuitivo) en estudos e obras en función da súa estrutura e características. 15% **ME** | | | | | |
| Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo, aplicados con autonomía para resolver problemas técnicos e musicais. 10% | | | | | |
| Tocar en público sen que os nervios impidan o desfrute da experiencia de compartir a música, e respecto do protocolo de concerto. 10% **ME** | | | | | |

## 12.4.5. 1º Grado Profesional

| **Criterios de avaliación** | **4** | **3** | **2** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|---|
| Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación e a calidade do son. 5% | | | | | |
| Progresar no traballo sobre os cambios de posición, incidindo especialmente nas sensacións de flexibilidade e relaxación. 10% | | | | | |
| Continuar co traballo do vibrato, incidindo nas sensacións de flexibilidade e relaxación, e empregalo como recurso expresivo no repertorio de maneira responsable e acorde có estilo e compositor. 15% **ME** | | | | | |
| Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estrutura, época e carácter das obras. 15% **ME** | | | | | |
| Enumerar e definir en profundidade as posibilidades acústicas e interpretativas do violín. Afinar as cordas ao aire cos afinadores. 5% | | | | | |
| Progresar no traballo dos golpes de arco e empregalos con solvencia na interpretación: detaché, martelé, staccato, legato, spiccato, ricochet e outros. 10% | | | | | |
| Avanzar no traballo de articulación e afinación da man esquerda en dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas) e acordes. 15% **ME** | | | | | |
| Ler obras a primeira vista, ata á 5ª posición e con ritmos de progresiva dificultade. 5% | | | | | |
| Tocar estudos e pezas de memoria en público con control dos nervios, desfrute da experiencia e respecto do protocolo de concerto. 10% **ME** | | | | | |
| Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos. 10% | | | | | |

## 12.4.6. 2º Grado Profesional

| Criterios de avaliación | 4 | 3 | 2 | 1 | 0 |
|---|---|---|---|---|---|
| Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación e a calidade do son. 5% | | | | | |
| Progresar no traballo sobre os cambios de posición, incidindo especialmente na afinación, a flexibilidade e a relaxación. 15% **ME** | | | | | |
| Continuar co traballo do vibrato, incidindo nas sensacións de flexibilidade e relaxación, e empregalo como recurso expresivo no repertorio de maneira responsable e acorde có estilo e compositor. 10% | | | | | |
| Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estrutura, época e carácter das obras. 15% **ME** | | | | | |
| Interpretar escalas, arpexos e dobres cordas (terceiras, sextas e décimas) de tres oitavas, así como acordes, desenvolvendo a capacidade de articulación e flexibilidade da man esquerda. 10% | | | | | |
| Comezar co estudo de armónicos naturais e artificiais. 5% **ME** | | | | | |
| Enumerar e definir en profundidade as posibilidades acústicas e interpretativas do violín. Afinar as cordas ao aire coas caravillas. 5% | | | | | |
| Progresar no traballo dos golpes de arco e empregalos con solvencia na interpretación: detaché, martelé, staccato, legato, spiccato, ricochet e staccato e spiccato volante. 15% **ME** | | | | | |
| Ler obras a primeira vista, ata á 6ª posición, con ritmos de progresiva dificultade e respecto polas dinámicas e agóxicas. 5% | | | | | |
| Tocar estudos e pezas de memoria en público con control dos nervios, desfrute da experiencia e respecto do protocolo de concerto. 10% **ME** | | | | | |
| Mostrar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos. 5% | | | | | |

## 12.4.7. 3º Grado Profesional

| **Criterios de avaliación** | **4** | **3** | **2** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|---|
| Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación, a calidade do son e a aplicación de todas as capacidades interpretativas do violín. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a execución de golpes de arco saltados e alla corda e empregalos con solvencia na interpretación. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a afinación e calidade do son nos acordes e dobres cordas. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a técnica de man esquerda: cambios a todas as posición, afinación, vibrato como elemento expresivo, articulación, axilidade , velocidade. 15% | | | | | |
| Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estrutura, época e carácter das obras. 15% **ME** | | | | | |
| Desenvolvemento dunha maior autonomía e confianza na resolución de problemas técnicos e interpretativos a través das técnicas de estudo. 15% **ME** | | | | | |
| Ler obras a primeira vista, en todas as posicións, con ritmos de progresiva dificultade e respectando dinámicas, agóxicas e fraseo. 5% | | | | | |
| Controlar o arco e diferenciar as voces na interpretación da polifonía. 10% **ME** | | | | | |
| Práctica permanente e progresiva da memoria con obras do repertorio. 10% **ME** | | | | | |
| Desenvolver o propio criterio e capacidade de análise de versións musicais de diferentes intérpretes e obras. 10% **ME** | | | | | |

### 12.4.8. 4º Grado Profesional

| Criterios de avaliación | 4 | 3 | 2 | 1 | 0 |
|---|---|---|---|---|---|
| Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación, a calidade do son e a aplicación de todas as capacidades interpretativas do violín. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a execución de golpes de arco saltados e alla corda e empregalos con solvencia na interpretación. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a afinación e calidade do son nos acordes e dobres cordas. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a técnica de man esquerda: cambios a todas as posición, afinación, vibrato como elemento expresivo, articulación, axilidade, velocidade. 10% | | | | | |
| Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estrutura, época e carácter das obras. 15% **ME** | | | | | |
| Desenvolvemento dunha maior autonomía e confianza na resolución de problemas técnicos e interpretativos a través das técnicas de estudo. 15% **ME** | | | | | |
| Ler obras a primeira vista, con total respecto polo texto musical e o fraseo. 5% | | | | | |
| Práctica permanente e progresiva da memoria con obras do repertorio. 10% **ME** | | | | | |
| Desenvolver o propio criterio e capacidade de análise de versións musicais de diferentes intérpretes e obras, e demostrar iniciativa e capacidade para aplicar dito criterio na propia interpretación. 15% **ME** | | | | | |

### 12.4.9. 5º Grado Profesional

| **Criterios de avaliación** | **4** | **3** | **2** | **1** | **0** |
|---|---|---|---|---|---|
| Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación, a calidade do son e a aplicación de todas as capacidades interpretativas do violín. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a execución de golpes de arco saltados e alla corda e empregalos con solvencia na interpretación. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a afinación e calidade do son nos acordes e dobres cordas. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a técnica de man esquerda: cambios a todas as posición (axustando a velocidade), afinación, vibrato como elemento expresivo, articulación, axilidade, velocidade. 10% | | | | | |
| Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estrutura, época e carácter das obras. 15% **ME** | | | | | |
| Desenvolvemento dunha maior autonomía e confianza na resolución de problemas técnicos e interpretativo, sendo fiel ao texto musical. 15% **ME** | | | | | |
| Ler obras a primeira vista, con total respecto polo texto musical e o fraseo. 5% | | | | | |
| Práctica permanente e progresiva da memoria con obras do repertorio. 10% **ME** | | | | | |
| Desenvolver o propio criterio e capacidade de análise de versións musicais de diferentes intérpretes e obras, e demostrar iniciativa e capacidade para aplicar dito criterio na propia interpretación. 15% **ME**. | | | | | |

## 12.4.10. 6º Grado Profesional

| Criterios de avaliación | 4 | 3 | 2 | 1 | 0 |
|---|---|---|---|---|---|
| Progresar no desenvolvemento do oído interno para a afinación, a calidade do son e a aplicación de todas as capacidades interpretativas do violín. 10% | | | | | |
| Perfeccionar a execución de golpes de arco saltados e alla corda e empregalos con solvencia na interpretación. 5% | | | | | |
| Perfeccionar a afinación e calidade do son nos acordes e dobres cordas (terceiras, sextas, oitavas, oitavas dixitadas e décimas). 5% | | | | | |
| Perfeccionar a técnica de man esquerda: cambios a todas as posición (axustando a velocidade), afinación, vibrato como elemento expresivo, articulación, axilidade, velocidade. 10% | | | | | |
| Interpretar as dinámicas, o fraseo e as convencións estilísticas (calidade do son, articulación...) acorde coa estrutura, época e carácter das obras. 15% **ME** | | | | | |
| Perfeccionar e afianzar a autonomía e confianza na resolución de problemas técnicos e interpretativo, sendo fiel ao texto musical. 15% **ME** | | | | | |
| Ler obras a primeira vista, con total respecto polo texto musical e o fraseo. 5% | | | | | |
| Práctica permanente e progresiva da memoria con obras do repertorio. 10% **ME** | | | | | |
| Perfeccionar e afianzar o propio criterio e capacidade de análise de versións musicais de diferentes intérpretes e obras, e demostrar iniciativa e capacidade para aplicar dito criterio na propia interpretación. 15% **ME**. | | | | | |
| Demostrar motivación, madurez y preparación do repertorio para as actuacións no público. 10% **ME** | | | | | |